

# Ana DMatos AS MÁSCARAS DOS ANIMAIS FOLLA

## ACTIVIDADE COMPLEMENTARIA PARA A MOSTRA FISURAS NA VITRINA *ABRINDO A SALA DO TESOURO*

### ***Museo Provincial de Lugo***

A proposta elabórase usando como base para a actuación o corazón da exposición, é dicir, a Sala do Tesouro do Museo de Provincial de Lugo, na que se conserva a colección Gil Varela e como dinamizador a peza específica creada pola artista Ana DMatos

As pezas de ouro que compoñen a colección de ourivería posúen, máis aló do seu alto valor físico, unha carga simbólica que transcende incluso o seu alto valor como obras de arte do pasado. Son, cada unha delas, as pegadas, os fósiles directores do complexo sistema simbólico que as construíu.

Non resulta factible coñecer por completo os complexos sistemas sociais e relixiosos das sociedades que nos precederon, só somos quen de podelos espreitar, apenas entrever parcialmente partes deses sistemas grazas aos restos arqueolóxicos, a eses anacos de pasado. O taller deseñado pretende recargar a sala do tesouro cunha parte dese complexo sistema simbólico, converténdoa no *santa santorum*, no núcleo cerimonial do museo.

Veremos, grazas a Ana DMatos, a sala do tesouro cos ollos máxicos, coa ollada chamánica que aporta o uso da mascara.

### **TALLER de máscaras dos animais folla**

Amplíase o prazo de inscrición e modifícanse as datas de realización da seguinte maneira:

**Imparte:** Ana DMatos

**Datas e horario:** días 8 (de 17:00 a 19.00 h), 10, 11 e 12 de febreiro (de 16:30 h. a 19:30 h.)

**Mínimo para que se realice:** 5 persoas

**Admitiranse como máximo:** 10 persoas

**Prazo de inscrición:** ata as 13.00 h. do luns, 8 de febreiro, no departamento de Didáctica do MPLugo.

Este taller está dirixido principalmente a artistas e a persoas maiores de idade interesadas en profundar na creación contemporánea. É unha actividade complementaria da mostra "FISURAS NA VITRINA ABRINDO A SALA DO TESOURO".

**Secuencia:** Presentación do proxecto. Pase de diapositivas / Elección do animal, nome, localización xeográfica, costumes, carácter, utilidade, conexión persoal con el. Trata de que a descrición compile os seus saberes e nos aproxime a súa 'realidade' e fisicidade. Realización do esquema, un debuxo para analizar cómo abordalo. / Distribución das follas e cosido / finalización das obras. / Interacción do grupo. Os traballos finalizados colgaranse na páxina da exposición

**Inscricións:** Departamento de Didáctica do MPLugo

## **DINÁMICA E OBXECTIVOS**

Os participantes poderán realizar unha máscara partindo dunha folla natural. Proponse este elemento polo seu carácter efémero, fráxil, tamén pola súa conexión coa natureza e a facilidade para modificalo e recrear a través del algo natural co aspecto dun animal imaxinario.

A máscara permitirá a comunicación entre o mundo propio, contemporáneo, e a realidade das máscaras primitivas cunha finalidade ritual. A posibilidade de que cada participante poida realizar a súa propia máscara engade a experiencia da percepción do propio corpo coa do animal inventado, que, deste xeito físico e simbólico o vincula a una nova dimensión.

Comezarase cun breve pase de diapositivas de animais imaxinarios. Seguirá cun breve pase de diapositivas da construción dunha das obras de sala da autora. A continuación cada participante pasará a elixir, en función da súa personalidade e os seus intereses, un deseño posible para a súa realización. Posteriormente pasaremos a levar a cabo a súa realización tridimensional. Finalmente, utilizaremos a máscara como parte dunha experiencia de comunicación real e subxectiva.

### **MÁIS INFORMACIÓN:**

»Museo Provincial de Lugo. Tfno.: 982 24 23 00 / 982 24 21 12 / [didactica@museolugo.org](mailto:didactica@museolugo.org)

Xerencia da Rede Museística: Tfno.: 699 836 883 / [xerencia-redemuseos@deputacionlugo.org](mailto:xerencia-redemuseos@deputacionlugo.org)



REDE MUSEÍSTICA  
PROVINCIAL DE LUGO  
MUSEO PROVINCIAL DE LUGO